

Caixa Rural Galega abre oficina na cidade de Pontevedra

O pasado martes 23 de outubro a Entidade inaugurou a oficina coa presenza do Vicepresidente da Xunta de Galicia, o Conselleiro de Medio Rural e o Alcalde da cidade.

O pasado martes 23 de outubro Caixa Rural Galega inaugurou unha nova oficina na cidade de Pontevedra situada no corazón da cidade, na Praza de España e con acceso desde a Av. Santa María. Trátase dunha oficina que persegue ofrecer unha atención personalizada como é o habitual na Entidade e pretende enfocar a súa actividade tanto ao colectivo de particulares e profesionais, como PEMES e empresas, tanto do sector primario como industrial.

O presidente de Caixa Rural Galega, Manuel Varela, destacou o carácter cooperativo, o apego á terra e a xestión prudente, entre outros valores, que caracterizan á Entidade. Entre un bo número de convidados, destacou a presenza do vicepresidente da la Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, e o alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores. Ambos interviñeron para destacar a traxectoria da Entidade que conseguiu superar a crise sen acudir a axudas públicas, todo iso grazas ao “sentidiño” co que se xestionou estes anos, tan propio do ámbito rural como sinalou o vicepresidente da Xunta. Tamén destacaron o carácter galego e local da Entidade e o seu compromiso con Galicia e mesmo coa igualdade, facendo referencia a un persoal que se compón de máis mulleres que homes. Durante o acto incorporouse o conselleiro de Medio Rural, José Gonzalez Vázquez, e O alcalde de Pontevedra pechou o acto agradecendo a presenza da Entidade na cidade que ven a saldar unha débeda que mantiña coa cidade.

Esta apertura contribúe a reforzar a rede existente nunha área como as Rías Baixas de moita actividade e dinamismo xa que ata agora a Entidade mantiña presenza en Vigo, Vilagarcía de Arousa e Cambados. Esta é unha zoa que concentra unha parte significativa do PIB galego e cunha ampla diversidade de sectores produtivos. Ademais, Pontevedra é a sexta poboación de Galicia por número de habitantes, polo que incrementar a presenza era un compromiso e unha oportunidade estratéxica de crecemento e diversificación.

Por todo iso, para Caixa Rural Galega esta apertura é un importante paso que supón acadar a presenza nas catro capitais de provincia, e espera sexa ben acollido pola cidade e o seu tecido produtivo, grazas aos valores que a caracterizan como a súa estrutura cooperativa, a súa maneira de entender a actividade financeira, o seu carácter marcadamente local e o seu ADN galego.

Acerca de Caixa Rural Galega

Caixa Rural Galega, única cooperativa de crédito galega, foi creada en Lugo no ano 1966 denominada entón como Caixa Rural Provincial de Lugo. No ano 2001 cambia a súa denominación por Caixa Rural Galega, cambiando previamente o seu ámbito de actuación de provincial a autonómico. Actualmente conta con 46 oficinas en Galicia e é unha das entidades que conforman o denominado Grupo Caixa Rural.

Acerca do Grupo Caja Rural

O Grupo Caixa Rural está composto por 29 entidades, que supoñen o principal representante da banca cooperativa en España. Líderes en activos, en número de entidades, en solvencia e en eficiencia, comparten empresas de servizos como o Banco Cooperativo Español, a compañía aseguradora Seguros RGA e Rural Servizos Informáticos. Dentro do Grupo, a Asociación Española de Caixas Rurais é o instrumento de coordinación e foro de debate estratéxico e representación, servindo tamén para fixar as prioridades, estratexias e políticas do Grupo.